XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CADA UN DOS MEMBROS INTEGRANTES DA UNIDADE MIXTA

DATOS DA ENTIDADE INTEGRANTE DA UNIDADE MIXTA

RAZÓN SOCIAL | NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF/PASAPORTE

EN CALIDADE DE

Que se presenta como membro da agrupación que solicita unha axuda para desenvolver a unidade mixta de investigación:
DENOMINACIÓN DA UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN

DECLARA EXPRESAMENTE

1. Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan e que facilita o organismo de investigación como representante da unidade mixta de investigación son certos e acepta as condicións e obrigas do programa unidades mixtas de investigación recollidas na Resolución do (consígnese data) de 2018.
2. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2. g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
5. Non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.
6. Que a solicitude de axuda é anterior ao comezo das actividades para as cales solicita (efecto incentivador).
7. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos da unidade mixta para a cal solicita a axuda.
8. Que as dependencias da unidade mixta de investigación deberán estar perfectamente delimitadas, identificadas e fisicamente diferenciadas das entidades que nela participan e localizadas en Galicia.
9. Que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme ao disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
10. Que, se é o caso, non vai realizar ningunha utilización comercial posterior do prototipo ou proxecto piloto incluído na proposta de creación e posta en marcha.
11. Que, no caso de dispoñer dun plan de igualdade implantado no centro, deberá mantelo durante o período de execución do proxecto e de mantemento dos investimentos previstos na convocatoria.
12. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade ou para os mesmos custos incluídos nesta solicitude procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, autonómico, estatal, da Unión Europea ou de organismos Internacionais.

◯ Si solicitou e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión), axudas para a mesma finalidade ou para os mesmos custos incluídos nesta solicitude procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, autonómicos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, segundo se indica na seguinte táboa*:

Data solicitude	Data concesión(1)	Organismos	Programa convocatoria	Importe (€)	Tipo (subvención, préstamo, etc.)	Disposición reguladora

* Non é necesaria a información relativa ás axudas denegadas
(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase PENDENTE nesta columna.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

NOTA: Cada un dos membros da agrupación deberá cubrir esta declaración en papel coa sinatura manuscrita e escanearse para ser anexada en formato PDF á solicitude.